XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO ANTEPROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA

Solicitante: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Secretaría Xeral Técnica

Expediente: 2019/073

FEITOS

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería Medio Ambiente, Territorio e Vivenda solicítalle a esta Secretaría Xeral que emita informe de impacto de xénero relativo ao anteproxecto de Lei de ordenación do territorio de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 PERTINENCIA DO INFORME

Segundo o disposto no artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (en diante, Decreto lexislativo 2/2015), "Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade. Se non se acompaña ou se se trata dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso".

Do citado precepto despréndese a obrigatoriedade de valorar con carácter previo ao debate parlamentario calquera iniciativa lexislativa para determinar se a súa posta en práctica afectará de forma diferente a mulleres e homes, co fin de adaptalas para neutralizar os posibles efectos discriminatorios e fomentar a igualdade, integrando deste xeito o principio de transversalidade.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

Tal e como indica no seu artigo 1, o anteproxecto de lei sobre o que se emite este informe ten por obxecto establecer os principios e criterios básicos, e regular os instrumentos necesarios para a coordinación da política territorial e a ordenación do espazo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo a súa exposición de motivos, a revisión da normativa vixente en materia de ordenación do territorio que se leva a cabo mediante o dito anteproxecto de lei, deriva, entre outras circunstancias, da necesidade de adaptar a lexislación galega en materia de ordenación do territorio para acadar os obxectivos sinalados pola Estratexia Territorial Europea, así como por outras normativas e políticas europeas, como a Axenda Territorial da Unión Europea 2020 e o Libro Verde da Cohesión Territorial, cuxas determinacións inspiraron a Estratexia Europea 2020.

Así, no título preliminar do anteproxecto de lei regúlanse os principios e criterios orientadores da política de ordenación territorial da Xunta de Galicia, que están centrados no desenvolvemento territorial sostible, a racionalidade territorial, que entende o solo como un ben limitado e esgotable; a cohesión social e económica; a necesidade de ter en conta a conectividade e restauración ecolóxicas e as directrices da Estratexia estatal de infraestrutura verde; o coidado da paisaxe como ben de especial interese e a atención ao sistema rural de Galicia, como o conxunto de espazos que desempeñan un papel territorial fundamental para a comunidade.

Para concretar estes principios a norma propón unha ordenación do territorio a través dos seguintes instrumentos: directrices de ordenación do territorio; plans territoriais, que poden ser integrais ou especiais; plans sectoriais e proxectos de interese autonómico.

En relación ao contido desta norma hai que ter en conta que, a pesar de que tradicionalmente a ordenación de territorio e o urbanismo constituíron unhas das políticas públicas menos permeables á integración da perspectiva de xénero, actualmente organismos internacionais como as Nacións Unidas e a Comisión Europea sinalan ao urbanismo e á ordenación do territorio como campos da política pública claves para avanzar cara á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A nivel mundial, no Cume sobre o Desenvolvemento Sustentable de 2015, a Organización de Nacións Unidas definiu 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), sendo un deles "Alcanzar a igualdade entre os xéneros e empoderar a todas as mulleres e nenas". Por outra banda, dentro do obxectivo de "Lograr que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sustentables", establécese como meta "proporcionar acceso universal a zonas verdes e espazos públicos seguros, inclusivos e accesibles, en particular para as mulleres e os nenos, as persoas de idade e as persoas con discapacidade".

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

Así pois, para acadar o obxectivo de que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sustentables será preciso ter en conta as especiais necesidades de determinados colectivos. Para iso, o deseño das políticas de ordenación do territorio debe atender á aplicación transversal do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Dado o contido deste proxecto normativo, enténdese que procede analizar neste informe os seguintes aspectos relativos ao anteproxecto de lei de ordenación do territorio: a incorporación da perspectiva de xénero, a presenza de mulleres nos procesos de participación cidadá, a composición equilibrada dos órganos de decisión, a integración da perspectiva de xénero na actividade estatística e a utilización dunha linguaxe normativa non sexista.

2 INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

A necesidade de incorporar a perspectiva de xénero en todas as políticas públicas queda xa patente no Tratado da Comunidade Europea, que recoñece a igualdade entre mulleres e homes como un dereito de alcance transversal a todo o ordenamento e políticas da Comunidade Europea (artigos 2 e 3), e considera como misión da Comunidade a consecución da igualdade de xénero: "A unión combaterá a exclusión social e a discriminación e fomentará a (...) igualdade entre mulleres e homes (...)".

Esta previsión dá maior alcance ao principio de transversalidade e obriga a introducilo en todas as políticas públicas, o que comprende todos os ámbitos de actuación, segundo o recollido na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, que tamén establece que a igualdade entre mulleres e homes ten que garantirse en todos os ámbitos (art. 23).

No ámbito estatal a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (artigos 14 e 15) así como, no caso galego, o citado Decreto lexislativo 2/2015, reiteran o mandato de transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes.

A aplicación do principio de transversalidade esixe que en toda a normativa sexa considerado o principio de igualdade e, se procede, en función da materia regulada, facelo explícito. Por integración da perspectiva de xénero enténdese "a consideración sistemática das diferentes situacións, condicións, aspiracións e necesidades de mulleres e homes, incorporando obxectivos e actuacións específicas dirixidas a eliminar as desigualdades e promover a igualdade en todas as políticas e accións, a todos os niveis e en todos as súas fases de planificación, execución e avaliación".

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

I A nivel internacional, a integración da perspectiva de xénero no ámbito do urbanismo e da ordenación do territorio ven determinada, tal e como se dixo anteriormente, pola Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas (setembro de 2015). O ODS 5 fai referencia especificamente á igualdade de xénero, mentres que o ODS 11 circunscríbese ao urbanismo ("facer que as cidades sexan seguras, inclusivas, resilentes e sustentables"), obxectivos que se retroalimentan mutuamente, como xa quedou exposto.

Doutra banda, a Nova Axenda Urbana das Nacións Unidas, Habitat III (outubro de 2016), que pretende servir como guía para a planificación e o desenvolvemento urbano nas próximas dúas décadas, reformula o desenvolvemento urbano como motor de crecemento económico, social e humano, no que as persoas se converten no epicentro das políticas. Así, a Nova Axenda Urbana da ONU reorienta a maneira na que se planifican, deseñan, financian, desenvolven, administran e xestionan as cidades e os asentamentos humanos. Entre os obxectivos que se perseguen está "lograr a igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e as nenas a fin de aproveitar plenamente a súa contribución vital ao desenvolvemento sustentable (...), asegurando a participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de dereitos en todas as esferas e nos postos de liderado en todos os niveis de adopción de decisións (...) e eliminando todas as formas de discriminación, violencia e acoso contra as mulleres e as nenas en espazos públicos e privados". Do mesmo xeito, refórzase este obxectivo transversal especificando, en moitos dos temas que se abordan, que se farán "tendo en conta a idade e o xénero".

II A nivel europeo, tanto a Estratexia Territorial Europea como a Estratexia Europea 2020 establecen como un dos obxectivos a alcanzar dentro do territorio da Unión Europea o da cohesión económica e social. Así, a Estratexia Territorial Europea (Potsdam, maio de 1999), sinala que "A Estratexia Territorial Europea axústase ao obxectivo comunitario de procurar un desenvolvemento equilibrado e sustentable, especialmente mediante o reforzo da cohesión económica e social". Pola súa banda, a Estratexia Europea 2020 (Bruxelas, marzo de 2010), prevé que "A cohesión económica, social e territorial seguirá constituíndo o núcleo da Estratexia Europa 2020 co fin de garantir que todas as enerxías e capacidades se mobilicen e se centren na consecución das prioridades da Estratexia", sinalando entre as accións que os estados membros deberán realizar para acadar "un crecemento integrador: unha economía cun alto nivel de emprego que promova a cohesión económica, social e territorial":

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

- "Executar plans nacionais de «flexiguridade», segundo o acordado polo Consello Europeo, co obxecto de reducir a segmentación do mercado laboral e facilitar as transicións, así como *facilitar a conciliación entre vida laboral e familiar*".

- "Promover novas formas de equilibrio entre a vida laboral e familiar e políticas de envellecemento activo e *incrementar a igualdade entre sexos*".

Máis recentemente, a Axenda Urbana da UE (Amsterdam, maio de 2016) adopta a dimensión de xénero para introducila no desenvolvemento urbano, tanto a nivel nacional e rexional como nas propias cidades. Entre as cuestións transversais dos temas prioritarios está o "Impacto sobre o cambio social, incluído o cambio de comportamento, promovendo, entre outras cousas, o igual acceso á información, *a igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres*".

Pola súa banda, a Axenda Urbana Española 2019 sinala expresamente que "persegue un modelo territorial e urbano que busca a cohesión social, a igualdade de oportunidades e a equidade. Calquera das ópticas que se aborde deberá vir precedida do necesario enfoque social, porque as persoas son o primeiro. E para iso, tanto as políticas territoriais como urbanas deberán perseguir o equilibrio social, protexer a diversidade cultural, mesturar rendas, xéneros, culturas, idades e profesións e garantir unha adecuada calidade de vida". Coa finalidade de dar cumprimento ao ODS 11 da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas, a Axenda Urbana Española 2019 fixa como o seu Obxectivo Estratéxico 6: "Fomentar a cohesión social e buscar a equidade". Dentro deste, é un obxectivo específico 6.2: "Buscar a igualdade de oportunidades desde unha perspectiva de xénero, idade e discapacidade". Para acadar estes obxectivos establece como unha das súas liñas de actuación:

"Integrar transversalmente de forma activa o *principio de igualdade de trato por* orixe racial ou étnica, discapacidade, *identidade sexual, orientación sexual e de xénero*, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, *e o principio de igualdade de xénero na elaboración, execución e seguimento das disposicións normativas, na definición e orzamentos das políticas públicas en todos os ámbitos e no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades, considerando sistematicamente as prioridades e necesidades propias das mulleres, tendo en conta a súa incidencia na súa situación específica, ao obxecto de adaptalas para eliminar os efectos discriminatorios e promover a igualdade*".

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

III No plano lexislativo e a nivel nacional, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, dedica o seu artigo 31 de xeito específico ás "Políticas urbanas, de ordenación territorial e de vivenda", establecendo que:

> "1. As políticas e plans das Administracións públicas en materia de acceso á vivenda incluirán medidas destinadas a facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes.
>
> Do mesmo xeito, as políticas urbanas e de ordenación do territorio tomarán en consideración as necesidades dos distintos grupos sociais e dos diversos tipos de estruturas familiares, e favorecerán o acceso en condicións de igualdade aos distintos servizos e infraestruturas urbanas.
>
> 2. O Goberno, no ámbito das súas competencias, fomentará o acceso á vivenda das mulleres en situación de necesidade ou en risco de exclusión, e das que fosen vítimas da violencia de xénero, en especial cando, en ambos os casos, teñan fillos menores exclusivamente ao seu cargo.
>
> 3. *As Administracións públicas terán en conta no deseño da cidade, nas políticas urbanas, na definición e execución do plan urbanístico, a perspectiva de xénero, utilizando para iso, especialmente, mecanismos e instrumentos que fomenten e favorezan a participación cidadá e a transparencia*".

IV A nivel autonómico, o VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 sinala que "debemos traballar en prol dunha maior consideración da perspectiva de xénero na planificación urbanística, a vivenda e a mobilidade, que deben incorporar unha óptica diferenciadora das necesidades de mulleres e homes e aumentar a participación das mulleres no deseño e posta en marcha de actuacións en materia de ordenación do territorio, planificación dos espazos urbanos, transporte e comunicacións, tendo en conta, entre outros, factores como a acusada dispersión poboacional ou a condición das mulleres como principais usuarias dos medios de transporte público". Este plan establece dentro do seu Obxectivo Específico 5.5: "Contribuír ao desenvolvemento sustentable mediante a incorporación da perspectiva de xénero ás políticas medioambientais, de ordenación territorial, de infraestruturas e de mobilidade", a medida 2.5.5.4:

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

"Integración do enfoque de xénero na planificación do modelo urbanístico e de vivenda, na ordenación do territorio e no deseño de infraestruturas públicas, tendo en conta a dispersión xeográfica e os seus efectos na vida das mulleres".

Tamén o Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 indica que "é imprescindible o desenvolvemento de políticas transversais de urbanismo e mobilidade pola súa transcendental incidencia na distribución dos tempos das persoas que melloren a calidade de vida da cidadanía", poñendo de manifesto que "Historicamente, a configuración urbanística das cidades respondeu ao modelo do sistema produtivo industrial, no que a distribución dos tempos se corresponde cunha estrutura lineal, acorde coa distribución dos tempos tradicionais do mundo produtivo e, polo tanto, da poboación masculina -oito horas para traballar, oito para descansar, oito para durmir-, deixando á marxe os tempos ligados aos roles do traballo reprodutivo asociados ao xénero feminino, que debían acomodarse a unha planificación pensada para o rol produtivo. Neste modelo urbanístico, que acabou por xerar segregación funcional e dispersión territorial, con concentración espacial de actividades exclusivas, derivou na primacía do uso do transporte privado e, polo tanto, nunha mobilidade pouco sustentable. É necesario, pois, que as administracións públicas traballen coordinadamente para unha ordenación territorial e unha planificación urbana sustentable e amigable coas necesidades do conxunto da cidadanía e non só a dunha parte da poboación".

Por iso constitúe un dos obxectivos da súa Área Estratéxica 3 "Artellando unha nova cultura dos tempos", o Obxectivo Específico 3.3 "Reforzar a planificación con enfoque de xénero no ámbito do urbanismo, a vivenda e a mobilidade, de xeito que se teñan en conta as diferentes necesidades de mulleres e homes á hora de harmonizar os seus tempos", dentro do cal establece tres medidas concretas en materia de ordenación do territorio e urbanismo:

"3.3.3 Fomento dun urbanismo orientado á integración de funcións nos espazos de nova creación, que permita a proximidade dos servizos máis importantes -espazos de usos comerciais, residenciais, de equipamentos e de ocio-.

3.3.4 Introdución de novas variables, como o factor tempo e a seguridade, desde a perspectiva de xénero na planificación e xestión do territorio.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

3.3.5 Promoción de actuacións de ordenación territorial que favorezan o acceso e a proximidade dos servizos, en especial, sanitarios, educativos e de atención ás persoas maiores e ao coidado de menores".

V De todo o anterior conclúese que a integración da perspectiva de xénero na ordenación do territorio e na planificación urbanística ven esixida, tanto a nivel internacional como a nivel nacional e incluso autonómico, por distintos documentos de carácter programático e normativo, como unha peza clave para que os instrumentos e as actuacións de ordenación territorial integren a toda a cidadanía, atendendo á diversidade das súas necesidades, garantindo deste xeito a equidade no acceso aos diferentes bens e servizos, así como, en última instancia, a consecución da "cohesión social e económica", obxectivo pretendido co anteproxecto de lei que se somete a informe, segundo indica o seu artigo 6.

En consecuencia, como unha vía para facer posible a integración transversal do principio de igualdade por razón de xénero no anteproxecto de lei de ordenación do territorio, suxírese as seguintes cuestións que poderán integrarse no texto da proposición de lei:

1 Principios e criterios orientadores (artigo 2)

Proponse incluír dento do artigo 2.2 do texto un novo criterio orientador, que teña en conta o principio de igualdade por razón de xénero.

Suxírese a seguinte redacción a modo de exemplo:

"A igualdade por razón de xénero, que informará con carácter transversal a ordenación do territorio, valorando o impacto dos roles de xénero, do traballo non remunerado e da división sexual do traballo no uso diferenciado do territorio por mulleres e homes".

2 Fins e obxectivos en materia de ordenación do territorio (artigo 3)

Así mesmo, proponse engadir ao artigo 3, entre os fins e obxectivos en materia de ordenación do territorio, o seguinte:

"A integración do enfoque de xénero na planificación do modelo urbanístico e de vivenda, na ordenación do territorio e no deseño de infraestruturas públicas, tendo en conta a dispersión

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

xeográfica e os seus efectos na vida das mulleres, coa finalidade de evitar as discriminacións que se produzan por razón do xénero e garantir a igualdade entre mulleres e homes".

Igualmente, a redacción proposta é puramente orientativa.

Ademais do anterior, sen prexuízo de incorporar os principios e fins antes sinalados, suxírese que se valore, como unha posible fórmula para integrar a perspectiva de xénero na ordenación do territorio, a posibilidade de que os instrumentos de ordenación do territorio (directrices de ordenación do territorio, plans territoriais integrados, plans territoriais especiais, plans sectoriais e proxectos de interese autonómico) se acompañen dun informe de impacto de xénero.

Pode valorarse que no procedemento de elaboración e aprobación dos diferentes instrumentos de ordenación do territorio regulados no anteproxecto de lei, e que terán o rango normativo de decreto, se solicite o informe de impacto de xénero, tal e como establece o artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

3 PRESENZA DE MULLERES NOS PROCESOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

O anteproxecto de lei que se somete a informe prevé entre os seus principios (artigo 2.1) o de "participación social" e entre os seus criterios orientadores (artigo 2.2.h) o de "participación da cidadanía nos procedementos de ordenación territorial". Así mesmo, sinala como un dos obxectivos fundamentais da ordenación territorial (artigo 3.o) "Garantir a participación da sociedade no proceso de ordenación territorial para conseguir que este responda ás aspiracións e necesidades da poboación". Todo isto debe ser obxecto dunha valoración positiva, pois, segundo o indicado nos parágrafos anteriores, é un Obxectivo de Desenvolvemento Sustentable "facer que as cidades sexan seguras, inclusivas, resilentes e sustentables", de xeito que se acade un modelo territorial e urbano no que as persoas son o primeiro.

Non obstante o anterior, é preciso ter en conta que esa participación da cidadanía debe producirse en condicións de igualdade dende o punto de vista do xénero. É unha realidade que ata o de agora a ordenación do territorio e o urbanismo teñen sido sectores con pouca representación feminina, polo que as mulleres non tiveron capacidade para incidir na toma de decisións nestes ámbitos, a pesar de que as tarefas derivadas do traballo reprodutivo provocaran que as mulleres sexan as máximas

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

usuarias e coñecedoras dos espazos da vida cotiá. Por iso, a súa participación e experiencia é imprescindible neste campo.

De acordo con diferentes estudos sobre a materia, é posible afirmar que na actualidade existen aínda obstáculos para a participación real das mulleres nos procesos participativos da cidadanía, debido á división sexual do traballo no fogar ou á falta de tempo por superposición de actividades. Por iso é preciso reformular as ferramentas de intervención e as formas de traballo para garantir a efectiva participación das mulleres, de xeito que se poida dar a coñecer como é a súa experiencia diaria coa contorna na que habitan, rural ou urbana, e axudar a coñecer as súas necesidades e limitacións de cara a fomentar e implantar accións en favor da igualdade de oportunidades no ámbito da ordenación territorial.

O anteproxecto de lei dedica o capítulo III do seu título I á regulación da transparencia e a participación cidadá. Así, no artigo 12 establece os dereitos e deberes da cidadanía, recoñecendo no artigo 12.1.d) o "dereito á participación na elaboración e tramitación dos instrumentos de ordenación do territorio". Para facer efectivo este dereito, no artigo 13 regula expresamente a participación cidadá, sinalando que:

> "1. As administracións públicas velarán para que a actividade de ordenación do territorio se desenvolva promovendo a *máis ampla participación social*, garantindo os dereitos de información e de iniciativa dos particulares. *Dita participación haberá de ser fomentada e facilitada pola administración competente en materia de ordenación do territorio*.
>
> 2. A cidadanía ten o dereito a participar nos procedementos de tramitación e aprobación dos instrumentos de ordenación territorial, mediante a formulación de alegacións durante o período de información pública ao que preceptivamente deban ser aqueles sometidos".

Dentro dese deber de fomento que lle corresponde á administración competente en materia de ordenación do territorio suxírese ter en conta o dito anteriormente respecto da presenza de mulleres nos procesos de participación cidadá, o cal implicará contar nos ditos procesos con asociacións de mulleres, persoal técnico experto en temas de xénero, concellarías, unidades, áreas ou departamentos específicos en materia de igualdade. Ademais, será preciso darlle a estes procesos a maior difusión posible, de forma que poida chegar a todos os colectivos, e non só a aqueles implicados directamente na materia. Ademais, tamén haberá que extraer sempre datos e conclusións desagregados por sexos en calquera proceso participativo.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

4 COMPOSICIÓN EQUILIBRADA DOS ÓRGANOS DE DECISIÓN E DAS ESTRUTURAS DE TRABALLO

O artigo 5.2 d) do Decreto lexislativo 2/2015, que establece como criterio de aplicación do principio de transversalidade "O fomento dunha participación equilibrada das mulleres e homes na toma de decisións e a elaboración de estratexias para o empoderamento das mulleres".

No mesmo sentido, o artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e que consonte á disposición derradeira primeira constitúe regulación das condicións básicas que garanten a igualdade de todas as persoas no exercicio dos dereitos constitucionais, establece que "...os poderes públicos procurarán atender o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes nos nomeamentos e designación dos cargos de responsabilidade que lles correspondan".

Tamén a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sinala na súa disposición adicional primeira que "A Xunta, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades integrantes do sector público autonómico garantirán e promoverán, nos seus ámbitos de actuación, a aplicación do principio de igualdade en todas as súas manifestacións e, moi especialmente, no que afecta á igualdade por razón de sexo, e integrarán activamente, na súa organización e actividades, a dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todos os ámbitos e a todos os niveis".

Ademais, é un obxectivo do VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, fomentar a participación das mulleres en condicións de igualdade en todas as esferas da sociedade e incrementar a súa presenza nos ámbitos de decisión e influencia das estruturas sociais, políticas, económicas e profesionais, ao tempo que se potencia o seu liderado.

O anteproxecto de lei fai referencia no seu artigo 51.4 á existencia dun órgano colexiado, a denominada "Comisión Superior de Urbanismo", creada e regulada na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. No dito decreto xa se indica que se procurará acadar unha presenza equilibrada de homes e mulleres na composición total da Comisión.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

Ademais de procurar a paridade nos órganos colexiados, tamén se propón promover unha maior paridade e diversidade nos equipos técnicos que interveñan no deseño e elaboración dos distintos instrumentos de ordenación do territorio, só así se poderá acadar unha verdadeira visión integradora da perspectiva de xénero neste ámbito, e ter en conta aqueles aspectos que máis lle preocupan ás mulleres, como a seguridade persoal, os equipamentos para o coidado de menores e de persoas maiores, accesibilidade, mobilidade e demais elementos da vida cotiá das mulleres en relación á súa contorna e ao espazo no que se desenvolven.

5 INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA ACTIVIDADE ESTATÍSTICA E INCORPORACIÓN DE INDICADORES POR RAZÓN DE XÉNERO

A ausencia de datos desagregados en función do sexo nas distintas estatísticas, estudos e/ou investigacións relacionadas coa ordenación do territorio fan máis difícil a análise das consecuencias que os efectos desta ordenación teñen nas mulleres e nos homes. Polo tanto, a integración da perspectiva por razón de xénero pasa tamén no ámbito da política de ordenación do territorio por coñecer como lle afectan os efectos desta política de xeito específico ás mulleres e aos homes, para poder así deseñar as medidas adecuadas para paliar e superar estes efectos.

En relación ao anterior hai que ter en conta que o artigo 9 do Decreto lexislativo 2/2015 regula expresamente a integración da perspectiva de xénero na actividade estatística do sector público galego sinalando que: "A totalidade das estatísticas e investigacións con eventual repercusión en cuestións de xénero realizadas pola Comunidade Autónoma de Galicia desagregará os datos en atención ao sexo e en atención ás circunstancias vinculadas ao xénero, como a asunción de cargas parentais e familiares. Da totalidade destas estatísticas e investigacións enviaráselle copia ao órgano competente en materia de igualdade".

Así mesmo, os obxectivos informativos do artigo 6 do Plan Galego de Estatística 2017-2021, aprobado pola Lei 15/2016, do 28 de xullo, comprenden as metas de información e a obriga de considerar a perspectiva de xénero, establecendo que "todas as operacións e actividades estatísticas deberán ter en conta a perspectiva de xénero. As incluídas nos programas que recaden datos sobre persoas físicas deberanse recoller e difundir por sexo".

En consecuencia, proponse efectuar sempre unha análise dos datos desagregados por sexos (por exemplo, en relación ao número de persoas que residen nun determinado territorio o cal vai ser

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

obxecto de regulación a través dun novo instrumento legal ou o número de persoas usuarias dunha determinada infraestrutura pública que se pretende ampliar ou modificar, etc), así como realizar enquisas específicas para coñecer aspectos cualitativos (por exemplo, cales son as pautas de uso do transporte público por homes e por mulleres, pautas de acceso e de uso de espazos naturais protexidos, con que finalidades, que servizos poden demandar homes e mulleres respecto deses espazos, etc).

6 UTILIZACIÓN DUNHA LINGUAXE NORMATIVA NON SEXISTA

Os artigos 11 e 12 do Decreto lexislativo 2/2015 e a alínea 11 do artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, determinan a utilización institucional dunha linguaxe non sexista.

No texto obsérvase o citado principio e, con carácter xeral, é respectuoso co emprego dunha linguaxe normativa non sexista, polo que só procede efectuar os seguintes comentarios puntuais ao respecto.

Nalgúns casos emprégase o masculino con carácter exclusivo. Suxírese nestes casos empregar outras formas máis propias dunha linguaxe inclusiva:

- Nos artigos 13, 21 e 27 emprégase a expresión "particulares", que se propón substituír por "persoas particulares".

- No artigo 45 emprégase a expresión "técnico competente" e "arquitectos e enxeñeiros por razón da materia". Proponse empregar no seu lugar "persoal técnico competente" e "quen dispoña dun título de arquitectura ou enxeñería por razón da materia".

- No artigo 46 fálase "dun propietario único" e proponse substituílo por "dunha única persoa propietaria".

- Ao longo dos artigos 48, 50 e 55 figura en varias partes do texto "interesado" e "interesados". Proponse empregar "persoa interesada" e "persoas interesadas", respectivamente.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

- Ademais no artigo 48.4.c) fálase de "os titulares dos terreos", e proponse substituílo por "as persoas titulares dos terreos".

- Por último, no artigo 49.2.b) emprégase "beneficiario" e proponse substituílo por "persoa beneficiaria".

De acordo con todo o indicado, INFORMO:

Que o proxecto normativo analizado, entre cuxos principais obxectivos figura a cohesión económica e social, require para a súa consecución a efectiva integración transversal do principio de igualdade por razón de xénero no ámbito das políticas de ordenación do territorio, segundo as consideracións e recomendacións efectuadas ao longo deste informe.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella